

O NADAL



XLVI

certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



Declarado de interese turístico galego pola Xunta de Galicia (D.O.G. 4-11-2014)

XLVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 174-2022

XLVI CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL



Concello de Begonte

ARREDOR DO NADAL

Grazas, Señor, por estes cincuenta anos

Parece que foi onte, e pasaron cincuenta anos contemplando como o Señor nace en Begonte.


Eu tiña trinta e nove anos –e estou a piques de cumprir os noventa– cando a meu irmán José deulle por matinar que o Nadal en Begonte merecía atención especial para darlle cor e corazón a este pobo, e naceu de mans do noso Varela --Vareliña!-- con Dionisio Varela Barro nos temas eléctricos, o Belén electrónico que ven de cumprir medio século.

Pouco pensaba eu que por amor a Begonte e a meu irmán tiña que facerme cargo do Belén e todo o que o rodea catorce anos despois. E cada Nadal marcou a miña vida, a vida de Begonte e a dos milleiros (pasarán xa do millón?) de persoas que se fan nenos diante do noso e voso Belén.

Chegada data tan singular como a que celebramos, teño que dar as grazas. Grazas a meu irmán porque me marcou o camiño a seguir; a miña irmá Milagros, sempre en segundo lugar; sempre axudando, impulsando. Grazas a todos os que foron e son a alma do Belén, e non direi nomes porque están na mente de

todos e no meu corazón. Grazas a Begonte, a todos os seus habitantes, por verse reflectidos no Belén e demostralo. Grazas ás institucións que nos representan, nos gobernan, e son esenciais para que a cultura e a fe poidan camiñar unidas; para que pequenas obras como este Belén poidan traspasar fronteiras, conmover e asombrar... pero, sobre todo, Grazas, Señor, por este medio século de paz e convivencia; por facer permanentes os valores que quixemos reflectir neste belén; por permitírnos vivir este cumpreanos tan rotundo dunha iniciativa que Begonte merecía, e todos disfrutamos.

Grazas, Señor, infinitas grazas, pola axuda recibida. E grazas tamén pola axuda que sei vas prestar aos que sigan desde agora con esta tarefa para a que cada vez teño menos forzas físicas, pero estou seguro que seguirá cada vez máis forte e viva.

A handwritten signature in black ink, reading "Jesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is enclosed within a large, loopy circular flourish.

*Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro cultural
José Domínguez Guizán*



POESÍA

XLVI CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co fin de potenciar o espírito do Nadal e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o XLVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase ao correo electrónico info@belendebegonte.es, en dous arquivos: Un, co traballo poético a concurso, e outro, identificado como «Plica», co título do traballo, no que figurarán os datos personais do/a autor/a, que só será aberto no caso de resultar premiado o traballo con algún dos premios instituídos ou coas mencións que, no seu caso, acorde conceder o Xurado.
7. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, antes das 12,00 h. do 6 de xaneiro de 2022.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLVI CERTAME DE POESÍA «BEGONTE E O NADAL»



FALLO DO XURADO

Reunido o xurado do XLVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, convocado polo Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, formado por JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro convocante; XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO, escritor e XULIO XIZ RAMIL, xornalista, acordan emitir o seguinte fallo:

- *PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao poema «ERAN TEMPOS DE NADAL, ERA E FOI HAI MOITO TEMPO!», do que é autor Baldomero Iglesias Dobarrio-Mero, residente en Xanceda-Mesía (A Coruña).*
- *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concedeuse ao poema «O NENO VALURO», de Xosé Otero Canto, residente en Lugo.*

Pola calidade dos traballos, concedeuse cadansúa MENCIÓN DE HONRA, dotadas con estatuíña de Sargadelos aos poemas:

- *«UN RÍO E UNHA PREGARIA», de Carlos López Fernández, residente en Vilalba, e*
- *«O BELÉN DE BEGONTE», de Xoán Xosé Fernández Abella, residente en Teo (A Coruña).*

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (*Mero*)

Vilalba, 27.06.1951. Estudou en Lugo Maxisterio e foi esta a súa profesión ata xubilarse. Membro fundador dos grupos Fuxan os Ventos e A Quenlla, gravou con eles máis dunha trintena de Cds. Leva moitos anos recollendo Cultura Tradicional e facendo un arquivo sonoro do País; traballo e arquivo doado ao Museo do Pobo Galego, dando arranque ao nacemento do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade, APOL.

Acadou os premios Pedrón de Ouro (2009); Facer País, en Lánchara; o Premio Galiza Mártir, da Fundación Alexandre Bóveda (2012) ou «Os Mártires da Liberdade» en Carral (2015). Obtivo os premios literarios de Paradela, Viveiro, Vilalba e Begonte. Responsable de varios libros de estudos da música tradicional, é autor dos de poesía, *Na Lonxitude do Tempo* (Premio Antonio Prados Ledesma), *Recendos de Luz e Sombra* e *No papel que mudo escoita*, editados pola Irmandade Manuel María da Terra Cha. O Instituto de Estudos Chairegos publicoulle *Doce ducias*. No 2018 sae en prosa para nenos *Luces de festa* e outro de versos *No perfil das verbas*.

Eran tempos de Nadal, era e foi hai moito tempo!

Na lembranza dos comezos do Belén de Begonte e do Padre Mato, D. Xesús, que levou o «Galicia canta ao Neno» para que espallara esperanza e sementeiras dese Cántico Novo tan antigo da Boa Nova. Estivemos no Centro Cultural cantando panxoliñas ao Nacemento, buscando unha porta para a esperanza, . . .foi hai moito tempo!

Solemne liturxia, a de hoxe para o concerto.
Sucedo no Centro Cultural
do Belén Electrónico de Begonte, en pleno funcionamento.
Son os primeiros anos
dun fito histórico que vai dar máis voz, renome e eco
a un acontecer humilde
que cambiou o mundo, dándolle consolo a todo o universo.
Unha recreación de porte chairega
é o marco idóneo,
con tanta ilusión e un trazo modesto,
conseguen crear,
sumando esforzos e moito o talento,
o ambiente debido,
para a escena central e eficaz daquel Nacemento.
Ríos que levan auga,
pastores que se moven, fogares con lume,
xente que traballa no labor labrego.
De día camiñan cos seus agasallos na busca do Neno
nacido entre pallas;
de noite, as estrelas, aluman no ceo
nunha devoción capaz de mover conciencias,
convocando o culto, namoro e afectos.

Xa hai moita xente, que agarda impaciente
xa non queda sitio, . . . vanse dar os premios,
pero entra un coro, de mozas e mozos
quizais canten algo con aire galego.
Chegan as horas de empezar,
pechan as portas de fóra, hai présas para o comezo.
Fala en alto quen presenta,
di o programa de actos, faise silencio ao momento.
Só un contido murmurio, . . . nada se oe
no interior naquela sala de prometidos eventos.
E, ao subir as escaleiras
que nos levan ao salón, a aquel estrado cuberto,
o salmo dun cantar novo
resulta ser un milagre, canto novo en cantar vello.
Imos uns atrás dos outros
colocarnos na tarima, en ringleiras para o ascenso.
Séntense os pasos ao ritmo,
somos moitos, imos cantar moi contentos.
Enriba estará xa disposto,
que a xente agarda impaciente,
xente maior, rapazada, parecen estar inquedos.
Entreabrimos a alta porta,
enriba entre tanta xente, entre o bafo dos alentos.
Fronte ao libro de pautadas follas,
no atril, colocámonos á par
coa cantiga, polo seu lugar aberto.
Agardan notas e verbas

e o vello mestre, prepara en rigor e con gran respecto
aquelas tan brancas voces,
mozos e mozas dunha idade
que en tempos de nada agasallan co festexo.
Lixeiras polifonías, mesmo gaitas e pandeiros
zanfonas e pandeiretas, harmonías conxuntadas,
son para cantarlle ao Neno
que abre os ollos e sorrí,
semella estar moi contento.
Visten ambientadas roupas, xa vellas,
como de humildes pastores,
mentres cantan panxoliñas fan no espazo movementos
voces distintas, melodías,
que pousan o seu canto ao vento.
Por detrás de todos eles,
están as voces máis graves, marcan un contrapunto
de profundo sentimento.
Alá, ao lonxe, de costas ao público mira para nós
o mestre, que amosa a súa silueta
chamando en brazos abertos
para non perder o ritmo e que esteamos atentos.
Séntense as notas dos brillantes tubos dun órgano irreal
que indican claramente o ton,
a posta a punto co aire, ritmo e acento.
Diante nacen moi suaves, as voces xuntas crescendo,
cordas das gortexas que vibran
e contentan ao Pequeno.

Xuntan dozura e calor, naquelas tenras melodías
contraltos, baixos e tenores,
fan brasas en lume aceso
dando impulso aos corazóns que levan con ben latexos.
A moza do violín, voa coma un anxo
e míranos, advirte axiña as notas dos intermedios
aperta os pulsos con ansia e logo preme cos dedos
aquele canto de chamada, para ir xuntos onda ao Neno,
á par do encanto en tenrura que ora dorme no barrelo.
Ao lado, un piano imaxinario arpexa
notas soltas que albiscan atinadas panxoliñas,
cantos que son moi antigos, cantos que eran moi vellos
e gañan actualidade ao bulir os sentimentos.
É a na noite de Nadal, abrirá un Sol eterno
que se envolva de habelencias
para sumirnos na paz, na ledicia dos recendos
que a modo de nube amporen
nese enorme agasallo, de ouro, mirra e incenso.
O tempo detense,
distráido nas voces e na música,
polas sentidas ausencias dos perdidos pensamentos.
Voan nostalxias en ecos
dun estremecer que corre polo equilibrio exacto do amor
na lírica das fráxiles cantigas, . . . nas memorias dun inverno!
Foi nun tempo de Nadal
na chamada á esperanza, para a paz e a gratitude,
. . . foi e hai xa moito tempo!



XOSÉ OTERO CANTO

Natural de Ponte de Outeiro (Castro de Rei - Terra Chá), licenciado en Filoxía, xubilouse como catedrático de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, no que estudou de pequeno.

Ten publicado os libros de poesía *Salaios da Chaira, Arelas de prata e soños, Miño, río pai e amigo, Guía poética da Muralla de Lugo, Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas, Poemas da cidade, Poética da viaxe, Nenias chairegas, Valuria, As catedrais, portas do misterio, Telúrica, Muralla, Lúa chea imperial, Sinódica luz, Berce máxico e uterino e Imos coller niños novos.*

O seu labor poético tenlle deparado máis de vinte premios nos certames literarios do Concello de Vilalba, A Pipa (Becerreá), Terras de Chamoso, Centro Rosalía de Castro de Bos Aires, Concello de Paradela, Nacional de Poesía do Centro cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte, Anduriña Voandeira (País Vasco) e Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona) entre outros

O neno valuro

**Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno ía facer.**

Quería ir a Begonte
e aquí un Belén traer,
pois son cincuenta na orde
que acaban de soerguer.

Alí mesmo o Deus Meniño
unha encomenda traía
a de contar desprendido
acerca dun nome que había
na Chaira do seu arrimo
e que poucos coñecían,
por ser nome corrompido
daqueles que o utilizan.

Encamiñouse o Neno
a unha estación que no ceo
se chama estación «Dá Vida»
e que nisto consistía,
en insuflarlle ás figuras
que con el viñan de xira
para o Belén da procura,
insuflarlles alma e vida
e encheiros de frescura
e plenos de louzanía

fixeran boa andadura
e movemento a porfía
neste Belén que xa dura
cincuenta anos de vida.

**Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno ía facer.**

O Neno e figuras todas,
tamén María e Xosé,
seguindo moi ben o dogma
e o recto proceder
desde a estación «Dá Vida»,
única que no ceo está,
como se unha andoriña
os trouxese no voar.

Un sopro de amor pillaron
en impulso visceral
e tan axiña chegaron
que non se pode explicar,
por ser cousa doutro mundo
que ninguén pode pensar,
por non ser cousa de bruxos
senón do Deus patriarcal,
chegar nun sopro de amor
é cousa tan natural

como abrirse unha flor
no decembro sideral.

**Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno ía facer.**

Está todo o nacemento
listo para empezar.
Moi grande é o contento
comezando a rodar
as cen figuras de preto
con alma nova a estrear.

Movíanse con esmero,
con gran prestancia e afán.
Algunhas con moito celo
miraban aos seus irmáns
que tiñan cincuenta invernos
e aínda sen ser anciáns
ganaran o «Xubileo»
que os xudeos de Xudá
ano tiñan de recreo
para o descanso e solaz,
tendo xa sobre o cello
as imaxes ao andar
algunha engurra que o tempo
a todos nos traerá.

**Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno ía facer.**

Semellaba unha novela
e as imaxes a actuar.
Begonte era unha ofrenda
que doaba aos irmáns
os oficios desta terra
dun xeito tan peculiar
que ensinaba por entregas
as habelencias da Chá.

Xa de relamos cargados
e tronos manifestar,
saíu Xesús do regazo
como unha luz principal,
os meteoros acalando
e facendo escampar
para que todos no entre tanto
fósemos quen de escoitar,
figuras e convidados
a esta festa do Nadal.

**Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno ía soster.**

Benvidos a este evento!
Begonte da Terra Chá,
quérovos dar acollida
mais podo manifestar
non ser tan Chá como din,
esta terra singular.
Por onde queira que veñas,
montañas has de pasar.
Se de Abadín ou Cospeito,
Castro de Rei e Bazar.
Begonte, A Pastoriza,
Rábade e tamén Xermar
e da mesmiña Vilalba
tedes que considerar
que as subidas e baixadas
sobrepasan a fartar
aquilo que aprendemos
como liña horizontal
e sirva de testemuña
para ser Chaira longal.

Por iso non é acaído
chamarlle a Terra Chá
posto que non representa
a verdade ao nomear
esta comarca que alberga
desniveis ao viaxar.
Aínda un dos Mandamentos
proclama: «Non mentirás».

Como debemos chamarlle
outrosí de Terra Chá?
O seu nome é **A VALURA**,
que no latín cultural
procede de «Vallaturam»,
«valadura», de «valar»
e son as mesmas montañas
as que de valados fan.
Polo oeste, norte e leste
son estas que se dirán:
Loba e Cova da Serpe,
Carbia, Toxiza e Xistral,
Rematando polo leste,
Meira e de Neda o Cordal.

Valura hai que apeldarlle
a todo o que dentro está,
así se lle nomeou sempre
dous séculos atrás
e por iso volo digo
que empededes a chamar
co seu nome primixenio
e que substitúe á Chá.

Por moito que a vós doa,
os habitantes da Chá
son **VALUROS e VALURAS**
os que aquí están a morar,
mais non son os esmoleiros

como algún quixo alcumar,
ben vedes nestas figuras
que están a representar
os oficios da **VALURA**
sen outra leira alcumar.
Todos son traballadores
e da Valura irmáns
como diría **Carballo**
que polo ceo andará
preguntando a este Deus Neno
co seu bo manifestar
se Eu quixese ser Valuro,
moito lle ía gustar,
por convivir en Begonte
perante todo o Nadal.

Eu díxenlle que **VALURO**
tíñame que amentar,
por levar cincuenta anos
na **VALURA** e non na **CHÁ**.



CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ

Fillo de nai e pai chairegos, naceu e criouse en Ferrol. Estudou no Seminario de Mondoñedo, no Instituto da súa cidade natal e na Universidade de Santiago. Traballou como docente en colexios de Cataluña e de Galicia. Obtivo diversos premios literarios, varios deles no Belén de Begonte.

Un río e unha pregaria

Levo con honra este nome
que os séculos me outorgaron,
e oíndo «río Ladra»
todos senten grande afago.
Entre budios e amieiros
camiño lento e calado
cal se fora bolboreta
aos silencios afalando.
Compañeiro son das herbas
que cubrindo estes rebazos
reverdecen de ledicia
o meu paso avellentado.
Cargo ao lombo tanta auga
que podó abritar mil prados,
repoñer todas as fontes
e abeberar moito gando.
Bebeu de min xente antiga
que na memoria non gardo,
mais detrás viñeron outros
aos que todos recordamos.
Quen non lembra aínda hoxe
aos intrépidos romanos
que entre outras cousas deixaron
a lingua que aquí falamos?
E a aqueles suevos do Norte
que apreixaron os arados
sementando novos nomes
entre chantas e valados?
Que dicir dos medievais
cabaleiros nomeados
de Saavedra e mais Baamonde

que castelos levantaron.
Mais non só da xente de armas
testemuño podo dar,
e principio pola Virxe,
a Señora dos Milagros,
e despois o santo Alberte
que unha ermida singular
erixiu á miña beira
para os infantes curar.
E aínda queda o máis excelso
que se poida nomear:
un meniño envurullado
en panos de lenzo branco,
que por mor de dous Xosés
de Begonte foi prendado
e sen outra dilación
quixo aquí ser celebrado.
E, porque eu son o seu río
e el estame a escoitar,
diríxolle esta pregaría
polo tempo de Nadal:
Bon Xesús, a ti che pido
que a ninguén lle falte o pan
nesta terra de Begonte
á que eu sirvo con afán.
E despois tamén desexo
que a concordia e mais a paz
entre todos os veciños
nunca deixe de reinar.
Que xamais sexa a codiza
das súas vidas o amo,

e non teñan como norte
o diñeiro mal ganado.
Que marche xa dunha vez
este Covid desalmado
que con tanta dor e pena
os mantén atenzados.
Que nos campos nunca falte
a semente que botar,
nin a man dun bo labrego
que manexe un bo arado.
Que voen xempre paxaros
polos nosos ceos craros
e rebulan na miña auga
peixes sans e sen andazos.
Que todos os máis cativos
nunca deixen de soñar
que este mundo que lles demos
non os ha de defraudar.
Que os que marchen desta terra
non se esquezan que é o seu lar
e espallen o seu nome
en todo tempo e lugar.
E que saiba sempre o pobo
que un día foi sinalado
p(a)ra ser o teu pregoeiro
polo tempo de Nadal.
E por fin todos pedimos
que non nos deixes xamais,
pois sabes que para nós
es ti sempre o máis prezado.



XOÁN XOSÉ FERNÁNDEZ ABELLA

Monforte de Lemos, 1933. É mestre, na actualidade xubilado, e licenciado en Dereito.

De 1989 a 1991 foi membro do comité organizador da Universidade Popular de Ortigueira. Ten efectuado recitais poéticos individuais por radio e televisión, e participado en recitais colectivos en Venezuela, Galicia, Andalucía e Portugal.

Ten publicados en edicións bilingües os libros *Poemas galegos. Inquietudes, hallazgos y otros poemas* (1976), *Escolma de poemas. Espigueo lírico* (1990) e *Poemas de amor, loanza, condena e outros* (2011); e en edición galega, *Poemas estradenses e catorce poemas máis*, (2005). Participou, asimesmo, en dúas dúcias de libros colectivos.

O Belén de Begonte

Belenciño de Begonte,
extraordinario belén,
onde a fe inxenua do pobo
maniféstase tan ben,
profundamente galego,
coma ten sempre que ser.

Belén que nos emociona,
pois na electrónica ten
a forza que ó belén move
e que nos admira á vez.

Es humilde e es sinxelo.
Un pobo da Chaira es.
Labregos e pescadores,
e carpinteiros se ven,
cada un no seu traballo,
gando e pastores, tamén.
E, por suposto, os Reis magos,
e o día e o anoitecer,
e a estrela que ben os guía,
Xesús, María e Xosé.
E xa neva, e xa lostrega
neste tan cristián belén.
E sempre con novidades,
mais sempre á súa esencia fiel.
Este ano a malla do trigo,
e contra os incendios. Ben!
Tes o corazón ben posto
e es a Galiza fiel.

Foi Miguel Anxo Araújo,
un bispo de fonda fe,
no ano setenta e dous,
teu pregoeiro, ó nacer.
E nos corenta e seis anos
que conta o noso belén,
éme imposible citar
ós que te gabaron ben.
José Rodríguez Varela
merece non se esquecer,
xunto ó outro creador:
Domínguez Guizán, José.

Belenciño de Begonte,
extraordinario belén,
onde a fe inxenua do pobo
maniféstase tan ben,
profundamente galego,
coma ten sempre que ser.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e
ia.
arredor é tamén un
ropicio para que a
da á ledicia arte.
riva medre e
mas
mas
sua, a
parpadexa...
ata o antencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo corián.
Nunha xuntanza do gra...
os protagonistas do gra...
ro pleno: Os Re...
aría e S. Xosé, e
nde viaxe...
ñas un...
arm

PRENSA

XLVI CERTAME DE XORNALISMO «BEGONTE E O NADAL»

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da XUNTA DE GALICIA, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o XLVI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL» que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Pode tomar parte neste certame quen publique, en calquera xornal, revista ou en Internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos nos que se faga referencia ao Nadal en Begonte e en xeral ao Nadal en Galicia.
2. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
3. A remisión de orixinais que se presenten ao Certame, hase de facer ao correo electrónico info@belendebegonte.es, antes das 12,00 horas do día 6 de xaneiro de 2022, indicando os datos do/a autor/a. A cada envío seralle acusado recibo polo mesmo medio.
4. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, no prazo que se indica.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLVI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»



FALLO DO XURADO

En Lugo, reuniuse o xurado calificador dos traballos presentados ao XLVI Certame de Xornalismo sobre o Nadal, convocado polo Centro cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN, impulsor do Belén electrónico de Begonte, formado por: JAVIER ARIAS FOUZ, Delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo; JOSÉ ULLA ROCHA, Alcalde de Begonte; JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro Cultural convocante; BLANCA PACÍN SOMOZA, Bibliotecaria; XULIO GIZ RAMIL, xornalista e JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, secretario do centro cultural convocante, acordan conceder os seguintes premios:

- *Premio BEGONTE de xornalismo, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo titulado MEDIO SÉCULO DE ILUSIÓN, do que é autor PABLO VEIGA LÓPEZ-CAS-TELO, publicado en www.galiciaxa.com*
- *Segundo Premio, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo O NENO DEUS NACEU NA CIMA DA GUIZA, publicado por Santiago Rodríguez López, en www.galiciadigital.com*

Pola calidade dos traballos presentados, acordan conceder cadansúa MENCIÓN DE HONRA, dotada con estatuíña de Sargadelos a:

- *BEGONTE, UNHA ESTRELA DOURADA*, publicado por *XOÁN NEIRA*, no xornal *El Progreso-A Chaira*, e
- *DETRÁS DE CADA OLLADA*, de *Ruth Fernández Fernández*, publicado en *www.elcorreo-gallego.es*.

O SECRETARIO DO XURADO



José Rodríguez Gómez



PABLO VEIGA LÓPEZ-CASTELO

Begonte, 1970. Diplomado en Traballo Social e Licenciado en Humanidades pola Universidade de Santiago de Compostela. É traballador nos servizos sociais do Concello de Friol desde 1998.

Colabora co xornal *Terrachá*, coa columna «Coa Nosa Voz», co semanario israelí *Aurora* en lingua española desde 2010, onde ten a columna «De Compostela a Ierushalaim», e esporadicamente en publicacións relacionadas cos servizos sociais e na prensa local. Participa no proxecto Emcreativo de creación literaria, da Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (ALUCEM)

Ten publicados os libros *A Marcha de Anxo* (2020), novela e *Crónica de un gallego en Israel* (2022), *diario de viaxe*. E acadou entre outros os premios: Ao mellor relato no I Premio Literario IPA –International Police Association– Galicia coa obra *Son policía* (2019) e o Segundo premio de narrativa co relato «O destino levoume a Paradela», na XXV edición do certame literario Manuel Orestes Rodríguez López, do Concello de Paradela (2020).

MEDIO SÉCULO DE ILUSIÓN

Custa imaxinarse aqueles intrépidos e inquietos homes que alá a principios dos setenta romperon os miolos para crearen en Begonte, a carón da vella nacional sexta, un belén electrónico. Nuns tempos nos que a modernidade e o progreso eran, polo xeral, alleos a aquela Galicia profunda, pero viva, un crego, don José, e un argalleiro emprendedor, José Rodríguez Varela, foron quen de de darlle vida ao nacemento do Neno Xesús.

Un lembra de neno a tradicional visita do colexio ás instalacións onde contemplabamos en apenas uns minutos como o día se transformaba en noite, o sol daba paso á chuvia e á neve, mentres aquelas figuras que representaban os oficios tradicionais do País non paraban de moverse. O ferreiro, o zoqueiro, os pastores coidando o seu gando, labregos sementando, leñadores serrando na madeira ou a muller amasando no pan, atendían o seu lerio a carón do presebe onde o fillo de Deus, acompañado dos seus pais, un boi e unha mula que lle daban calor, agardaba pola chegada dos Reis Magos de Oriente, que viñan nos seus camelos para adoralo. A maxia embaucaba a pequenos e a grandes por igual, hai cincuenta anos, vinte e cinco, dez e tamén no día de hoxe.

O resultado daquela brillante iniciativa constatábase nadal a nadal cos milleiros de visitantes que se achegaban a Begonte para contemplar o belén. Cada edición era distinta á anterior, pero ao mesmo tempo moi parecida, xa que todo estaba inventado. Begonte foi coñecido no resto de Galicia, identificando o municipio co

seu belén electrónico. Foron ducias os artistas e creadores premiados nos distintos certames de poesía, xornalismo ou arte e moitos máis os participantes nos mesmos. Os medios de comunicación facíanse e fanse eco do acontecemento, sendo un clásico nesta época do ano.

Co paso do tempo xurdiron imitacións noutras localizacións, moi meritorias todas elas, mais se existe un belén electrónico con galóns, ese é o de Begonte. Cincuenta anos é toda unha vida, pero na historia da Humanidade non supón máis ca un suspiro. Chegar á idade da madurez cunha saúde de ferro ten o seu aquel, polo que todos os que dunha ou doutra maneira participan na continuidade deste milagre en plena Terra Chá, merecen un gran recoñecemento pola

súa laboura. Os últimos dous anos están a ser complexos e difíciles pola situación que condiciona a vida de toda a sociedade, supoñendo todo un desafío á hora de dar resposta a unha realidade que nos supera amplamente.

Virán tempos mellores, ou incluso tan malos ou peores ca os actuais. E abofé que o belén electrónico de Begonte seguirá abrindo a súas portas un ano máis, a carón da nacional sexta, para que persoas, familias e grupos chegadas de moi pretoño ou de lonxe, contemplan como tras da noite chega o día e as figuras vólvense mover.

As vodas de ouro tiveron lugar. A partir de agora, o reto é chegar ás de platino coa forza e ilusión que caracterizan esta obra de arte que leva medio século entre nosoutros.



SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ

Fillo de emigrantes galegos, naceu en Barcelona en 1971. Licenciado en Bioloxía e doutor en Xenética pola Universidade de Santiago de Compostela, traballa como Profesor Titular na Universidade de Bristol (Inglaterra) desde 2006. En 2018 inicia a súa traxectoria como autor literario, publicando na Biblioteca Virtual de Galicia Dixital catro obras arredor da vida e obra do seu pai, o escritor de Paradela Manuel Rodríguez López: *En torno á parábola das cereixas de Xulio Xiz* (2018), *Poemas Populares Galegos. Edición especial 50 aniversario 1968-2018* (2018), *A Paradela de Manuel Rodríguez López* (2019), e *Exposición Itinerante Manuel Rodríguez López 2013-2020* (2020) (co-autor xunto a Antonio Giz), así como tres relatos: *Turbulencias curriculares* (2019), *Dos parábolas de amor* (co-autor xunto a Mary C. Otero Rolle) (2020) e *Sintiendo lo que fui* (2021). Este é o seu segundo premio literario no Certame Xornalístico «Begonte e o Nadal».

O NENO-DEUS NACEU NA CIMA DA GUIZA

CORENTA E DÚAS

«Nosos Señor Xesucristo naceu na Cima da Guiza»
–di, convencido, o señor Xosé María á súa netiña
María Xosé nunha mañá estival do ano 2972.

«Avoíño, dis que naceu na pequena cima que
está preto do río Ladra?»

«Así é. Ouvínlllo dicir ó meu pai moitas veces.
El escoitouno dos beizos do seu pai. Dese xeito
transmitiuse a Mensaxe ó longo de séculos.
Temos que anunciar a boa nova do nacemento
do Redentor ós nosos seres queridos para que
non caia no esquecemento.»

«Logo Xesús foi un dos nosos, meu avó?»

«Certamente. Naceu na Guiza rodeado de per-
soas humildes e traballadoras coma nós. Desde
aquí, a súa mensaxe espallouse polo mundo
enteiro.»

María Xosé da Guiza era o seu nome. Ela foi
quen descubriu os feitos que confirmaban os
comentarios dos seus devanceiros.

O pasadizo soterrado da Cima da Guiza

Desde que se mantiña en pé e podía cami-
ñar, María Xosé gustaba de xogar no pasadizo
soterrado da Cima da Guiza. Ó final do estreito
corredor existía un pequeno rótulo no que se
podía ler «GUIZA». Ela sabía que ese letreiro lle
daba o nome á cima e ó seu pobo, pero nunca lle
prestara moita atención.

Mais chega unha tarde do día 21 de decembro
do ano 2972, na que unha forte treboada colle á
moza por sorpresa dentro do pasadizo. Mentres
permanece abrigada nel, agardando que cesase
a choiva, fíxase detidamente no letreiro. Decá-
tase que despois da letra «A» hai unha fina liña

vertical. Cando a toca, a falsa roca que a cubre desfáise doadamente, amosando o que realmente é: terra mainamente incrustada no letreiro ó longo dos séculos. A medida que os seus suaves dedos limpan esa parte do rótulo, a forma antes inadvertida vai gañando amplitude. Así acontece ata un punto no que a liña, agora máis grosa, tan só segue ampliándose pola parte superior. María Xosé fica abraída cando descubre que a carón do «A» vai aparecendo unha letra «N». O novo símbolo, que permanecera agochado longos séculos, redefine o nome da cima e do pobo. Chámase GUIZAN, non GUIZA.

Desexosa de comprobar se habería algunha outra letra oculta, a rapaciña vai retirando a restante terra da parede. Cando o fai, descubre novas letras e observa, perplexa, que dan sentido a unha mensaxe inesperada: «CENTRO SOCIO-CULTURAL XOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN». Tamén atopa unha peza metálica semellante a un manubrio de porta. Cando consegue retirar toda a terra, decátase que a parede do final do pasadizo soterrado da Cima da Guiza é, en realidade, unha entrada de acceso. Cara onde? Sen reflexionar sobre os perigos que podería comportar, María Xosé abre a porta e entra.

No interior da Cima da Guiza

Nada máis atravesar a entrada, unha ampla sala ilumínase automaticamente, ó tempo que comeza a soar unha leda melodía cantada. A moza, imbuída por unha agarimosa atmosfera de paz, vaise adentrando no interior da Cima da

Guiza. Os cantos, inesperados e, ó mesmo tempo, familiares, atraen a María Xosé cara outra porta. Cando a abre, non dá creto do que ve. Con só unha ollada, non pode abranguer a totalidade da extensa paisaxe que ten diante dela. É unha paisaxe como de conto. Trátase dunha representación en miniatura da vizosa veiga guicense, con paroleiros regatos, pequenos outeiros e lombas que acubillan alpendres, un muíño, pontes, casas... Na ampla escena multicolor, na que predominan variados tons verdosos, existe unha multitude de pequenas figuriñas en movemento, que encarnan a humildes traballadores desenvolvendo as súas tarefas. Agarimosas melodías con Mensaxe completan a escena.

«O Meniño está nas pallas
súa Mai está con El,
San Xosé está mirando
pasmadiño para El».

«E non será Xesús ese neno que está deitado nas pallas a carón dos seus pais?» —pensa María Xosé.

A automatizada animación represéntase en exclusiva para a moza. Co paso dos minutos, vai descubrindo novas claves do que está a ver e ouvir:

Xesús, qué Meniño, qué roxiño é
Neno tan bonito, de Dios é filliño.

Cando escoita este verso cantado, María Xosé non pode evitar ceibar un fondo suspiro de satisfacción que resoa en toda a sala.

«O Neno que está nas pallas é Xesús, o fillo de Deus! É certo o que me contou o meu avó! Xesucristo naceu na Cima da Guiza, rodeado de traballadores humildes coma nós! Voulle contar que ten razón e que os nosos devanceiros tamén estaban no certo.»

Cando sae da sala, decidida a compartir o seu descubrimento co avó, tópase cunha nova porta na que se pode ler «Museo do Belén». A súa curiosidade condúcea ó interior da sala, que está ategada de vitrinas e libros ordenados e clasificados cun coidado e detalle especial. Certamente debían ser importantes e queridos para os que alí os gardaron. No centro da sala hai tres grandes paneis nos que se pode ler: «Historia do Belén de Begonte». En cada un deles destaca un subtítulo distinto

Panel 1. Etapa fundacional do Belén de Begonte (1972-2022)

Lendo a información, a rebuldeira rapariga descubre que Begonte era o antigo nome co que se coñecía a Guiza mil anos atrás. Decátase de que a representación que viña de ver fixérase para conmemorar o Nacemento de Xesús. E toma consciencia de que o Neno-Deus non nacera na Cima da Guiza, senón nunha afastada cidade de Xudea chamada Belén. Por medio do panel, coñece os esforzos e os nomes de moitas das persoas que, ó longo dos cincuenta anos da etapa fundacional, puxeron os piares que fixeron posible a creación do Belén de Begonte. No panel menciónase a José Domínguez Guizán, Xulio Xiz,

Jesús Domínguez Guizán, José Rodríguez Varela, José Luis Hernangómez Sastre, Pilar Gómez García, María José Cruz Veiga (Teté), Antonio Giz, así como a outras persoas e institucións que apoiaron material e espiritualmente as accións do Belén durante esa etapa.

Noutra sección do amplo panel, observa información das actividades arredor do Belén de Begonte ó longo do seu primeiro medio século de vida, todas recollidas en abondosos textos impresos en papel, gardados no Museo. María Xosé interésase particularmente nun dos libros referidos no panel, ó que lle chaman Biblia. Fala da vida de Xesús, da Boa Nova e da Historia de Salvación. Lendo o libro sagrado, a rapaza non é consciente de que as súas mans terman da única copia da Biblia que sobreviviu á Gran Destrución da Historia da Humanidade acaecida oito séculos atrás, no ano 2171. Ela, ó igual que tódalas xeracións que habitaron o noso planeta a partir de 2171, tan só contaban coa comunicación oral como forma de transmisión de información.

Panel 2. Etapa expansiva do Belén de Begonte (2022-2112)

A rapaciña le, no segundo panel, detalles sobre as campañas realizadas para difundir universalmente o Belén de Begonte, e con el, a Boa Nova do Nacemento de Xesús. Unha nova lista de nomes distinguidos e as súas contribucións, falan do emprego de avanzadas técnicas no complexo relixioso-cultural de Begonte. Destaca

a creación dun autoxerador atómico para asegurar a independencia total de subministros externos de enerxía. Trátase do mesmo autoxerador que, 800 anos despois, estaba facendo funcionar automaticamente o Belén, a música e a iluminación das salas visitadas pola moza. Hologramas, transmisión telepática, teletransportación son outros dos adiantos utilizados no Belén de Begonte para dar a coñecer ó mundo enteiro a Mensaxe de paz e amor do Neno-Deus.

O panel di que os responsables do Belén, respectuosos pola súa historia, mantiveran intacto o nacemento orixinal creado por José Rodríguez Varela no século XX. Para eles era un tesouro que debía ser protexido e transmitido inalterado como legado para as novas xeracións. Tal foi a perfección técnica acadada polo creador do Belén electrónico, e o coidado que lle dedicaron os continuadores do seu legado que, mil anos despois, seguía a representar o Nacemento de Xesús coa mesma precisión e beleza.

Panel 3. Etapa protectora do Belén de Begonte (2112-2171)

Este panel refírese ó chamado «Proxecto de Salvación»:

«A principios do século XXII, era tal a perfección e a seguridade dos sistemas electrónicos de almacenamento, transferencia e visualización da información, que se propuxo que todo soporte físico que contivera información xa dixitalizada, era redundante. Un comité mundial de científicos estimou que a enerxía xerada polo reciclado

dos soportes físicos redundantes, principalmente papel escrito e impreso, permitiría erradicar a fame do mundo, revertir os efectos do cambio climático e evitar a desaparición das especies en perigo de extinción».

Continúa dicindo que, cando no ano 2112, un visionario chairego alcumado «o Suso da Terra Chá» soubo da finalidade do Proxecto, traballou sen acougo para evitar a destrución do legado físico do Belén. Inspirado nas ancestrais mámoas dos devanceiros, construíu unha cúpula para cubrir tódolos edificios do complexo do Belén de Begonte. Cando os automatizados robots executores do Proxecto de Salvación comezaron o implacable reciclado de todos o soportes físicos redundantes, os edificios do Belén de Begonte xa estaban protexidos baixo unha enorme cúpula cuberta de vexetación, camuflada xunto as outras verdes lombas da vizosa paisaxe da Terra Chá.

Etapa Escura: unha nova Prehistoria da Humanidade

O que non sabía María Xosé é que, nun segundo dun aciago día do ano 2171, un novo tipo de radiación solar neutralizaría para sempre tódalas ondas electromagnéticas existentes no planeta. Sen elas, deixaron de funcionar a totalidade dos sistemas informáticos, perdéndose sen remedio a información dixitalizada que contiñan. Sen querelo, o Proxecto de Salvación provocara a destrución de todo o legado xerado desde o inicio da Historia da Humanidade.

Un novo rexurdir da Historia da man do Belén de Begonte

Como podía imaxinar María Xosé da Guiza a fonda repercusión que ía ter o seu achado do Belén de Begonte, tan ben protexido polo seu antepasado, o visionario Suso da Terra Chá?

O señor Xosé María foi a segunda persoa que puido admirar os tesouros relixiosos e culturais preservados baixo a Cima da Guiza. Neta e avó iniciaron unha nova etapa, aínda sen nome, na que traballaron humildemente, sen acougo, con esforzo e rebordando esperanza e fe. Xunto ós seus veciños, sementaron xermolos para que a fe e a esperanza trunfaran de novo ante a superstición e a desconfianza, os atributos da maior parte das persoas ás que lles tocou vivir a segunda Prehistoria da Humanidade.

A nova etapa iniciada ben puidera chamarse milagrosa, xa que se decataron de que a mensaxe transmitida oralmente ó longo de xeracións era unha terxiversación, e recuperaron e estudaron a

Mensaxe orixinal transmitida por Xesús, encarnada na Biblia e noutros libros impresos. Ademais de libros relixiosos, outras obras que contiñan poesías, artigos xornalísticos, escritos literarios, imaxes de obras de arte... Todos salvados por unha inspiración humana, e tal vez mediada por intervención divina. Esta nova fase tamén podería ser definida como a etapa de reparación da destrución que os seres humanos desencadearon co seu Proxecto de Salvación. A reconstrución da fe e do amor da man da Historia de Salvación encarnadas no Fillo de María e Xosé, iniciou un novo rexurdimiento para a civilización humana.

Sen dúbida, a fase iniciada por María Xosé proporcionaba unha nova oportunidade para espallar universalmente a Mensaxe de paz e amor do Neno-Deus. Unha sementeira espiritual posibilitada e propiciada polo Belén de Begonte, pola súa historia e polo seu legado, milagrosamente protexidos ó longo dos séculos no interior da Cima da Guiza.



XOÁN NEIRA

Meilán - Lugo, 1953. Mestre xubilado. Vive en Viveiro desde 1982. É membro fundador do Seminario de Estudos «Terra de Viveiro» co que participa en publicacións colectivas e outras actividades.

Premiado en distintos certames de poesía: Meigas e Trasgos de Sarria, Concello de Vilalba (en tres ocasións), Rosalía de Castro de Barcelona... e nos de xornalismo Reimóndez Portela (A Estrada) e Begonte e o Nadal, tamén en tres ocasións.

É autor dos libros de poemas: *Memoria e soño*, *Nas varandas do abrente*, *Ás catro augas* e *Linguaxes*, en colaboración co artista plástico Otero Regal .

En poesía infantil é coautor do poemario musicado *Recreos* (1997) e autor de *Xiz de cor* (2004), *Farrapos de nube* (2007), *No cubil da lúa* (2009), *Un niño no xardín* (2012) *Chafarís* (2017) e *Gaiola aberta* (2018).

BEGONTE, UNHA ESTRELA DOURADA

Alá pola década dos 70, eu era un mozo dos arrabaldes de Lugo e oía falar dun belén moi importante que estaba na Chaira, no lugar de Begonte concretamente. Hoxe, medio século despois, eu xa vou para vello e o famoso Belén cumpre 50 anos de existencia e chega á idade de ouro.

Unha Estrela dourada sinala o Misterio que ano tras ano segue brillando cada Nadal, medrando en grandeza e sona para asombrarme e emocionarme cada ano porque o sigo mirando cos ollos de neno, ese neno que todos levamos dentro, bendita inocencia! Agora peregrino coa mesma ilusión desde as terras da Mariña onde vivo.

A luz dourada da súa Estrela sinala o camiño para salvarnos do naufraxio dunha sociedade enferma, á que lle chamamos civilización; dos males que nos afogan, algúns inevitables como esta pandemia, esta praga que non acaba, que asolaga o mundo; outros pecados nosos de cada día: o odio, a intolerancia, o desamor, o desafecto que nós mesmos cometemos; a violencia de xénero; a violación e a morte; as guerras que negan o poder da palabra. En fin, a inxustiza e desigualdade social e económica entre os seres humanos que provoca a miseria para os máis desfavorecidos, especialmente os nenos e as nenas. Todo un rosario de calamidades que sofren e golpean as nosas vidas e a perda de valores que convierten o Nadal en simples reunións familiares ou de amigos onde reina o consumismo e a competitividade nun mundo cada vez máis individualista, egoísta e insolidario. Son

estas razóns e non o frío as que fan tremer ao Neno no portal, talvez só o arroupen os sorrisos dos nenos e das nenas.

Os propios Resis Magos perderon o seu papel de ofrenda e convertéronse en meros portadores de moreas de agasallos que nin aequera se aprecian. Perderon a súa esencia. Volvamos soñar coa maxia do auténtico Nadal.

Este noso Belén de Begonte é un referente, puxo no mapa esta vila, dentro e fóra de Galicia. Belén dos beléns, orgullo dos chairegos e de todos nós que segue recreando a vida no rural dunha aldea galega, paisaxe e paisanaxe da Terra Chá, coas súas casas chairegas, o río, os seus traballos e oficios rebulindo a imaxe e semellanza da realidade. Figuras (máis dun cento) ocupadas nas súas tarefas, enchendo de vida a aldea. Labores individuais, familiares e comunais (dende a matanza á malla), todo o pobo traballando, mesmo están os efectos especiais da tormenta, do trono e o lóstrego no ceo da noite. Non falta nada, non falta ninguén, contra a Galicia baleirada na que só habitan o abandono e a soidade.


Todo grazas ao esforzo e empeño dos impulsores, os amigos e benfeitores que desde o ano setenta e dous fan posible este milagre, este prodixio, desde o seu fundador D. Xosé Domínguez Guizán e despois o seu irmán D. Xesús, alma máter da súa continuidade xunto co artesán e artista Xosé Rodríguez Varela, os seus familiares, colaboradores, entre eles Xulio Xiz, o seu divulgador e promotor.

Que esta luz rache a fría néboa para que unha raiola quente os días curtos do solsticio e afaste as tebras da lonta noite do corazón do inverno.

Que unha luz interior de brillo inequívoco (non de neón, non) alumee o verdadeiro espírito do NADAL.

Que a luz desta estrela de Begonte borre todas as sombras que escurecen este mundo.

Regreso un ano máis convocado pola ESTRELA que deita un canto de amor e de esperanza no corazón da Chaira para renovar os votos que duren o ano enteiro, como cando acompañaba as distintas promocións dos meus alumnos e alumnas de Viveiro, desta volta levo da man a miña neta Antía . . . Mira, mira avó!!!



RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Profesora de Ensino Secundario, na especialidade de Lingua Castelá e Literatura, é colaboradora habitual de xornais como *Galicia Hoxe*, no que se publicou o traballo *Nadal miúdo*, merecedor do primeiro premio no XXXVII Certame de Xornalismo «Begonte e o Nadal». No eido do Xornalismo, gañou tamén o «Premio Periodístico Manuel Reimóndez Portela», na súa novena edición, obtivo Accésit no I Premio Xornalístico sobre Montefurado (Concello de Quiroga, decembro 2005), e 2.º Premio no X Certame 'Cartas de Amor Vila de Quiroga'.

É autora do libro *A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole*, un traballo de investigación que se centra na análise e compilación dunha gran cantidade de artigos de prensa de Fole referidos á zona do interior e á costa de Lugo. Tamén é coautora do libro *Historia do Orfeón Lucense*.

DETRÁS DE CADA OLLADA...

ESTE ano pensabamos que o Nadal ía ser diferente do anterior, volvendo a como eran as cousas antes da pandemia causada pola expansión da covid-19. Pero equivocámonos. Estamos preto da emblemática celebración que xunta á familia e os amigos e decatámonos de que a incidencia está a subir mentres se administran as terceiras doses dunha vacina que aínda non se sabe se protexerá o suficiente fronte á variante ómicron.

Seguimos un tanto desamparados porque ignoramos por onde nos vai saír o coronavirus, esa desagradable compañía que se coa nas casas sen ser convidado. Apetece viaxar e bicar, pero todo supón un risco. Estamos máis protexidos polas vacinas administradas de AstraZeneca, Pfizer, Janssen ou Moderna. Pode ser certo. Pero como moitos dos cidadáns fomos inmunizados hai xa bastante tempo, agora sentímonos inseguros.

Sexa con ou sen pasaporte Covid, camiñamos con precaución, ocultándonos coma ó comezo detrás da máscara de protección. Outros desbotárona hai tempo, vemos o espello en países nos que agora é de novo obrigatoria e volvemos sentir medo. A que se repita o mesmo conto.

Si. Chega o Nadal. A época da ilusión, das xuntanzas arredor dunha mesa ategada de pratos exquisitos e bos propósitos. Pero non retorna como antes da pandemia. Aínda non desapareceu da ollada da xente ese veo de tristura que empaña os sorrisos agochados detrás das FFP2 e das máscaras cirúrxicas dende marzo de 2020. Escóitase xa algún que outro vilancico de Nadal, animando á poboación ó consumo.

En Lugo o 3 de decembro procedeuse ó alumeado da cidade, este ano moito máis fermoso. Xa escintila a árbore fronte ó Concello e hai repartidos distintos puntos de luz para facer soñar a pequenos e maiores. Na Praza Maior loce tamén unha estrela que brilla e trae esperanza. . .

Este ano non competiremos con Vigo e as luces de Abel Caballero, sempre pioneiro no alumeado de Nadal (acendido o 20 de novembro), pero contaremos cunha fermosa e acolledora urbe que nos chisca a súa ollada e mira cara ó futuro.

Volven as ganas de recuperar os vellos costumes da nosa terra, como achegarnos a Begonte e volver sentir a maxia do Nadal a través do seu Belén. Nesta ocasión ademais hai outra razón: ver a mostra dos seus 50 anos (1972-2022). Viaxe curta dende Lugo, escapada segura. Trátase dun espectáculo cheo de vida, no que as figuras artelladas mecanicamente fan do rural da Terra Chá un gran atractivo para os visitantes. Pouco a pouco incorporándose novos personaxes con distintos oficios, mellorando o conxunto e dándolle ó espectador un agasallo

para os sentidos, permitíndolle evadirse de todo e regresar á infancia. Un dos grandes atractivos está na posta en escena dos cambios atmosféricos, amosando a chuvia e a caída das folerpas de neve que cubren a aldea, o paso do día á noite.

No corazón da Terra Chá respírase maxia. Viaxando ata o centro cultural José Domínguez Guizán, un comproba que se herdou a ilusión coa que José Rodríguez Varela artellaba todo ano tras ano, facendo que o belén electrónico de Begonte goce de boa saúde e continúe a súa tradición a día de hoxe. Tras medio século de historia e nun tempo no que semella que todo o que non chegue por Whatsapp ou estea en TikTok é de segunda podemos asegurar que aquí, coma no teatro, a experiencia é real.

Vívese a maxia do directo e síntese na pel a súa esencia. Este ano os sorrisos quedarán agochados detrás das máscaras, pero en cada ollada haberá un brillo especial despois de viaxar á capital do Nadal en Galicia e percorrer coa memoria o que foi o belén da infancia para moitos de nós.



COLECTIVO
EGERIA



Concello de
Begonte



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22